

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016777	IES Carlos Casares	Viana do Bolo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Carlos Casares de Viana do Bolo.

Viana do Bolo está situada no corazón do país do Bibe, dacadalo entre as comunidades de Galicia e Castela e León, rozando no seu extremo oriental as terras do parque natural do lago de Sanabria. Esta comarca, coñecida como a Maxia Verde de Galicia, forma parte das serras sur-orientais galegas, caracterizadas polas súas altas montañas e os seus profundos vales, percorridos por numerosos ríos como o río Bibe, o Camba ou o Conso, que en moitos casos forman encoros e canóns. Pola súa superficie (271,51 km²) é, tras A Veiga, o segundo municipio máis extenso da provincia.

É un pobo eminentemente agrícola e gandeiro. A agricultura, limitada polo clima e o minifundio, é principalmente para o consumo particular, se exceptuamos a castaña, con gran expansión e demanda no mercado. Trátase dunha forma de agricultura altamente ecolóxica, que permite manter a paisaxe no seu estado orixinal, o que converte a esta zona nun foco turístico moi demandado. En canto á gandería, predomina o vacún, seguido polo ovino, o caprino e o porcino. O seu aproveitamento é fundamentalmente cárnico, cunha gran tradición nos procesos de transformación autóctonos. A actividade forestal viuse incrementada notablemente, a pesar dos incendios sufridos nos últimos anos. As coníferas foron as especies máis repoboadas. A actividade industrial céntrase nas empresas de transformación agraria e na produción de enerxía hidroeléctrica nos vales de Bibe, Camba e Conso. O río Bibe no seu curso alto percorre estas terras montañosas e circunda o promontorio sobre o que se eleva a vila.

O grupo seleccionado de 2º ESO, está composto por 7 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 14 anos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O cambio climático. Causas e consecuencias para o planeta.	Nesta unidade o alumnado investigará sobre as causas do quecemento global, os fenómenos atmosféricos derivados e consecuencias para a vida das persoas.	25	11	X		
2	Influencia dos nosos hábitos consumidores na saúde do planeta	Nesta unidade o alumnado indagará sobre os aspectos negativos dos nosos hábitos consumidores no medioambiente.	35	13		X	
3	A saúde do planeta como responsabilidade compartida en sociedade	Unidade na que se traballa cos datos obtidos nas anteriores unidades e se fai unha valoración crítica dos resultados obtidos así como unha presentación das conclusións. Pescuda de modelos positivos e proxectos en marcha na liña do One Health	40	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O cambio climático. Causas e consecuencias para o planeta.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valorar as repercusións do cambio climático na saúde do planeta.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.

UD	Título da UD	Duración
2	Influenza dos nosos hábitos consumidores na saúde do planeta	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	A saúde do planeta como responsabilidade compartida en sociedade	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o proxecto	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo un proxecto que pretende afondar no concepto do One Health no IES Carlos Casares, trasladando o aprendido na aula ao resto da comunidade educativa mediante a elaboración de exposicións, murais e carteis. Abordaremos inicialmente aspectos medioambientais sobre as consecuencias do quecemento global, para logo identificar conductas consumidoras negativas para a saúde do planeta, e indagar sobre proxectos positivos e respectuosos co medioambiente.

No que respecta a adopción dunha determinada metodoloxía de traballo esta programación ten en conta os seguintes principios psicopedagóxicos co propósito de promover unha aprendizaxe significativa:

1. Necesidade de partir do nivel de coñecemento dos discentes. O que supón ter en conta: o nivel de competencia cognitiva así como os coñecementos que xa teñen os alumnos e alumnas.
2. Necesidade de asegurar a construción de aprendizaxes significativas. Por que ten que ser significativa a aprendizaxe? Porque soamente así se pode atribuír significado ao material obxecto de aprendizaxe: dita atribución só pode efectuarse a partir do que xa se coñece, mediante a actualización de esquemas de coñecemento, co que se asegura a súa memorización comprensiva e a súa funcionalidade.

A metodoloxía didáctica empregada debe:

- Favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.
- Permitirlle traballar en equipo aplicando os métodos apropiados de investigación e análise da información.
- Debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias tanto coa vida cotiá como con outras materias.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Materiais funxibles reutilizables para a elaboración de exposicións e murais

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións (preferentemente entre a segunda e a terceira semana de clase), realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave.

O seu obxectivo é recabar información sobre as características do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo.

Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Para levar isto a cabo contarase co apoio do Departamento de Orientación.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	35	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do dossier con toda a información recompilada da UD desta avaliación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Presentación do dossier con toda a información recompilada da UD desta avaliación.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación final e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, etc.

Para aprobar unha avaliación hay que sacar unha nota igual ou superior a 5.

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais. A nota mínima para que unha avaliación faga media debe ser igual ou superior a 4. Para superar a materia a nota media resultante debe ser igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto o longo da avaliación correspondente.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente. Para aprobar a avaliación debe acadar unha nota media igual ou superior a 5.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña unha ou varias avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final a realizar antes da terceira avaliación, con preguntas sobre diferentes aspectos traballados no proxecto. Para aprobar a materia deberá sacar unha nota igual ou superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmo grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar un proxecto relacionado coa temática do proxecto. De este modo:

Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto.

Na segunda avaliación amosará as distintas fases de execución do proxecto.

Na terceira avaliación presentará o proxecto final.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

Para coñecer dende o primeiro momento o mellor posible o nivel do alumnado e as súas particularidades o profesor realizará unha proba inicial na que se poida detectar os coñecementos previos e a capacidade argumentativa e de abstracción do alumnado. Desde esta perspectiva é posible ter unha visión xeral e individualizada da situación inicial respecto á materia en cada alumno. Así será posible tomar as medidas oportunas ca colaboración do Departamento de Orientación.

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

En función disto esta programación propón na medida do posible a realización de actividades diferenciadas e personalizadas que lle faciliten ao alumnado as vías máis axeitadas de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X		
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X		X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X		X
ET.4 - Competencia Dixital	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas relacionadas cos contidos da materia que teñan un carácter interdisciplinar	Asistencia a charlas e obradoiros relacionados con aspectos do proxecto.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado.
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado. Cada un dos indicadores valorarase nunha escala de 1 a 5. Sendo 1, un grao de consecución nulo, e 5 un grao de consecución mol alto.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna.

9. Outros apartados